



CONCELLO DE BOIRO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Os artigos 78, 79 e 80 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, atribúen ao alcalde a competencia para convocar as sesións dos órganos colexiados e fixar a súa orde do día.

Vista a delegación de funcións por ausencia outorgada polo Sr. alcalde o 15/09/2017.

En uso das ditas facultades con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o xoves 21 de setembro ás 20:00 horas a 1ª convocatoria (e, á mesma hora, dous días despois, a 2ª), no salón de plenos da Casa do Concello coa seguinte ORDE DO DÍA:

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 20/07/2017, Acta 2017/04.
2. Dar conta da renuncia á súa acta do concelleiro D. Juan Antonio Moledo Eiras.
3. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 8/2017 (nº 1 de créditos extraordinarios financiados con RTGX).
4. Aprobación definitiva do inventario municipal de bens.
5. Determinación dos festivos locais para 2018.
6. Resolución de alegacións no expediente de expropiación por taxación conxunta para a obtención dos terreos precisos para a execución das obras do proxecto "Mellora do colector do río Breiro, eliminación de pluviais e implantación de TDUS".
7. Incoación de expediente de revisión de oficio do acordo plenario do 11/09/2008 relativo a baixa no inventario de bens de varias parcelas en Espadañal.
8. Incoación do expediente de contratación para a xestión do servizo da piscina municipal.
9. Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO (nº de entrada 6908 do 04/07/2017) relativa á necesidade do establecemento dun punto de encontro familiar na comarca do Barbanza.
10. Moción do grupo municipal de CIUDADANOS/MIXTO (nº de entrada 7094 do 10/07/2017) relativa a actuacións na pista municipal Saltillo-Berres-San.
11. Moción do grupo municipal de ICBOIRO (nº de entrada 7121 do 10/07/2017) sobre dotación de seguridade a varios edificios en ruínas.
12. Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO (nº de entrada 7148 do 11/07/2017) relativa á posta en valor dos roteiros medio ambientais do Castelo de Vitres e do río Beluso.
13. Moción do grupo municipal do BNG (nº de entrada 7663 do 27/07/2017) sobre o funcionamento dos servizos de recollida de lixo e limpeza viaria.
14. Moción do grupo municipal do BNG (nº de entrada 7671 do 27/07/2017) relativa á solicitude dunha residencia pública en Boiro.
15. Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO (nº de entrada 7987 do 08/08/2017) relativa á repoboación con árbores autóctonas de ribeira na marxe do río Breiro deforestada pola mellora do colector do río Breiro.

16. Moción do grupo municipal do BNG (nº de entrada 8603 do 01/09/2017) relativa ó Pazo de Meirás e á Fundación Francisco Franco.
17. Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO (nº de entrada telemático 20179990000121 do 05/09/2017) relativa á rehabilitación das antigas "vivendas dos mestres".
18. Moción do grupo municipal de BOIRO NOVO/MIXTO (nº de entrada telemático 20179990000122 do 05/09/2017) relativa á incorporación do Pazo de Meirás ó patrimonio público e á salvagarda da memoria histórica.
19. Moción do grupo municipal de CIUDADANOS/MIXTO (nº de entrada 8704 do 06/09/2017) relativa ó mantemento, reparación e substitución de contedores.
20. Moción do grupo municipal de CIUDADANOS/MIXTO (nº de entrada 8705 do 06/09/2017) relativa á substitución de ordenadores no centro social de Escarabote.
21. Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE (nº de entrada 8751 do 06/09/2017) relativa a dotar ó concello de Boiro dunha residencia da terceira idade.
22. Moción do grupo municipal de CIUDADANOS/MIXTO (nº de entrada 8976 do 13/09/2017) relativa ó arranxo do camiño de acceso ó CEIP de Escarabote.
23. Moción do grupo municipal do BNG (nº de entrada 9002 do 13/09/2017) relativa á retirada do anteproxecto da lei que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo.

II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

24. Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía.
25. Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola intervención municipal así como das principais anomalías en materia de ingresos ao 2º trimestre do 2017.
26. Toma de coñecemento do informe da intervención municipal sobre o cumprimento da obriga de información trimestral sobre o cumprimento dos prazos de pago establecidos na lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, referido ao 2º trimestre do 2017.
27. Toma de coñecemento do informe da intervención municipal sobre o cumprimento da obriga de remisión da información trimestral sobre o período medio de pago a provedores establecido na lei de estabilidade presupostaria e sustentabilidade financeira, referido ao 2º trimestre do 2017.
28. Toma de coñecemento do informe de intervención relativo ó cumprimento da obriga de subministración de información do 2º trimestre do exercicio 2017 derivada da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
29. Mocions de urxencia.
30. Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución ós membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ó Pleno do Concello.

Boiro, na data que se indica ao marxe, na sinatura dixital.

Don Fernando García Diéguez alcalde en funcións do Concello de Boiro

Don Severino Abalo Chouza, secretario accidental do Concello de Boiro